

IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 26 SETEMBRO 2021

Se che fai dano, Desconéctate

1. VER: Cadeas que matan

- Fano no debuxo deste domingo preséntanos ataduras que poden danarnos e destruírnos. Fálanos das apostas nas que a algúns se lles vai tanto diñeiro, a necesidade de mercar e mercar (consumismo), o sexo cando é procura irrefreable de pracer e gozar a custa de quen sexa ou a guerra (violencia, facer dano ao outro ou á súa vida).

A que cadeas destas estou conectado? Por que me danan?

2. XULGAR: Desconéctate do que te dana

- No evanxeo de hoxe Xesús dinos que *"se a túa man, ou teu pé ou o teu ollo che fan caer, córtalos"*. E recórdanos ademais: "o que non está contra nós, está a favor noso".

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Non tomemos ao pé da letra a frase de cortar mans e pés, aprendamos a interpretalo. Non podemos mutilar o noso corpo a non ser que por enfermidade o realice o médico: un cancro, etc.
- Pero se que debemos **revisar que escravitudes** hai na nosa vida que nos están matando, ou están debilitando a nosa fe, ou van en contra dos valores que profesamos. **Hai que desconectarse** a tempo, podar a fondo. O pecado é unha

gangrena que, ás veces, precisa unha intervención radical. E aprendamos a utilizar as mans para servir, os pés para achegarnos e os ollos para ver con mirada de misericordia.

- A frase **“o que non está contra nós, está a favor noso”**, debe crear en nós unha **actitude aberta e inclusiva**. Aprendamos a colaborar con todos, contribuíamos á construción dunha sociedade máis humana, apoiando iniciativas, buscando puntos de encontro. Respecta, desculpa, comprende, sé tolerante, acolle e integra e sobre todo colabora con todos... aínda que “non sexan dos nosos”.

Que che pide o evanxeo de hoxe?

3. ACTUAR: Con amplitude de miras

- Aprendamos a a ser abertos, tolerantes, invitemos a alguén da clase doutro país.
- En grupo dialogade como facer realidade o que dicía o papa Xoán XXIII: *“buscade máis o que nos une que o que nos separa”*.
- Dialogamos tamén que persoas ao noso ao redor están máis necesitadas de acollida, de integración e vemos que facer. - Pedimos a Xesús que o saibamos descubrir nos outros, nos que son “distintos”.
- Nas ofrendas presentamos un estoxo de cores representando a diversidade, as diferenzas que existen no mundo.

Que estás disposto a facer?



LECTURAS

Números 11, 2 5-29: *Estás celoso de min? Oxalá todo o pobo fose profeta!*

Naqueles es días, o Señor baixou na nube, falou con Moisés e, apartando algo do espírito que posuía, pasoullo aos setenta anciáns. Ao pousarse sobre eles o espírito, puxéronse a profetizar deseguido. Quedaran no campamento dous do grupo, chamados Eldad e Medad. Aínda que estaban na lista, non tiñan acudido á tenda. Pero o espírito pousouse sobre eles, e puxéronse a profetizar no campamento. Un rapaz correu a contarlle a Moisés: - «**Eldad e Medad están profetizando no campamento.**» Xosué, fillo de Nun, axudante de Moisés desde mozo, interveu: - «Meu Señor, Moisés, prohíbello.» Moisés respondeulle: -«Estás celoso de min? Oxalá todo o pobo do Señor fose profeta e recibise o espírito do Señor! »

Palabra do Señor

SALMO 18: Os mandatos do Señor son rectos e aledan o corazón.

SANTIAGO 5, 1-6: *A vosa riqueza está corrompida.*

Agora, vós, os ricos, chorade e lamentádevos polas desgrazas que vos tocaron. A vosa riqueza está corrompida e os vosos vestidos están atacados pola couza. O voso ouro e a vosa prata están con ferruxe, e esa ferruxe será un testemuño contra vós e devorará a vosa carne coma o lume. Amoreades riqueza, precisamente agora, no tempo final!

O xornal defraudado aos obreiros que colleitaron os vosos campos está clamando contra vós; e os gritos dos segadores chegaron ata o oído do Señor dos exércitos. vivistes neste mundo con luxo e entregados ao pracer. Cebástesvos para o día da matanza. Condenastes e matastes o xusto; el non vos resiste.

Palabra do Señor

MARCOS 9, 38-43. 45. 47-48: O que non está contra nós está a favor noso.

Narrador: Naquel tempo, díxolle Xoán a Xesús:

Xoán: *-Mestre, vimos un que botaba demos no teu nome, e quixémosllo impedir, **porque non é dos nosos.***

Narrador: Xesús respondeulle:

Xesús: *-**Non llo impedades**, porque un que fai milagres no meu nome non pode logo falar mal de min. **O que non está contra nós está a favor noso.***

*E, ademais, **o que vos dea a beber un vaso de auga**, porque seguides o Mesías, asegúrovos que non quedará sen recompensa. O que escandalice un destes pequeniños que cren, máis lle valería que lle encaixasen no pescozo unha pedra de muíño e o botasen ao mar. Se a túa man che faie caer, córtaa: máis che vale entrar manco na vida, que ir coas dúas mans ao inferno, ao lume que non se apaga. E, se o teu pé che fai caer, córtao: máis che vale entrar coxo na vida, que ser botado cos dous pés ao inferno. E, se o teu ollo che fai caer, sácao: máis che vale entrar vesgo no reino de Deus, que ser botado cos dous ollos ao inferno, onde o verme non morre e o lume non se apaga.*

Palabra do Señor

(Narrador-Xoán-Xesús)